

## A Voz de Galicia

7 de Junho 97

■ MAR DE FÓRA ■

### A morte branca

VÍCTOR F. FREIXANES

SEGUE habendo algo máxico nos escritores —alomenos en certos escritores—, administradores do poderoso secreto das palabras. Recentemente, en Lisboa, asistín á presentación do último libro de Cardoso Pires; *De profundis, Valsa Lenta*. É unha historia breve, a penas sesenta páxinas, con prólogo de Joao Lobo Antunes (irmán de António), no que o autor relata a súa experiencia fóra do mundo, atacado supetamente dun coágulo no cerebro, un accidente vascular que durante tres días o privou da capacidade da fala e da escrita, da expresión e, sobre todo, da memoria, abandonado case que á condición de autómatas. Como un milagre, cando xa ningún contaba con el, e a base exclusivamente de soro e aspirinas, unha mañá acordou outra vez destoutro lado da realidade. O libro é o relato dese chimpazo esombroso.

Joao Lobo Antunes, médico especialista en doenzas vasculares no cerebro, fala no prólogo da escasísima produción literaria que este tipo de accidentes produciu. Por unha razón simple, daquela «seca a fonte de onde brota o pensamento, perturba o río por onde ele se escoa, se suspende a fala, se embota a sensibilidade, se contén o gesto» e as máis das veces resulta logo imposible o retorno ó mundo dos vivos.

«O máis terrible era non encontrar as palabras», dicíame Cardoso. «Mesmo o teu propio nome era extraño, irrecoñecible, coma se fose Outro». Varios centos de persoas achegáronse á Feira do Libro para lle dar ó escritor unha apreta de encontro e para que lles asinase o libro: *Outro, Ze, benvido a casa!* Con setenta e dous anos, vestido de vaqueiros e nique a raias azuis, sentado nunha cadeira de praia no medio do largo da feira, Cardoso saudáboas a to-

dos, chiscaba os ollos, facíalle grazias ós nenos, sorría, áremangábase para seguir, coma se tivese dezaioito anos, cheo de forza e de vida. En menos dunha semana esgotou a primeira edición de dez mil exemplares. «Nunca sentín arredor de min tan forte e tan intenso o cariño».

Coído que foi García Márquez quen dixo unha vez que o escritor escribe sempre para que o queiran. O escritor administra as palabras da tribo e, mesmo nestes tempos de video-clip e zapping, a tribo recoñece ás veces no escritor o privilexiado depositario dese tesouro antigo, poderoso e máxico da fala común, a lingua, a representación do mundo que compartimos, tal que navegásemos nun río que vén de moi atrás, da memoria máis profunda, e que nos arroia a todos. Así sentín eu o afecto deste vello oficio a outra tarde en Lisboa, a carón de Cardoso Pires: o Resucitado.